



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 179
21 de setembro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(14376, 10/PL-000005)]

— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 16742) [52023](#)

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16844) [52026](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 16843) [52029](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ Asignación a comisión da Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia [- 13196 (10/PPL-000009)] [52015](#)

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 19 de setembro de 2017, polo que se abre o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética [(doc. núm. 37326, 10/PPLI-000013)]

[52016](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

■ 16604 - 1246 (10/PRE-000065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a posición actual da Xunta de Galicia en relación coa construción dun rocódromo na cidade de Lugo, a realización dalgunha xestión para a execución do proxecto e o mantemento dalgún contacto co Concello e a Deputación provincial para o seu financiamento [52036](#)

■ 16102 - 1584 (10/PRE-000097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a creación do centro de atención terapéutica ocupacional de xestión pública para persoas con discapacidade de máis de 21 anos de idade na provincia de Ourense, así como a solución proposta para as persoas usuarias do centro de Velle [52038](#)

■ 16603 - 1898 (10/PRE-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa e os datos referidos ao proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións [52039](#)

I 16602 - 1909 (10/PRE-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar ningunha medida en relación coa elaboración polo Concello de Abadín dunha ordenanza municipal en materia de aproveitamentos agrícolas e forestais nunha área de terreo afectada por un proceso de concentración parcelaria pendente de remate, así como as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para protexer a superficie agraria útil e facer cumprir a Lei de montes de Galicia nestes casos [52042](#)

I 16095 - 2173 (10/PRE-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa decisión do grupo PSA Peugeot-Citroën de fixar no norte de Portugal a súa sede financeira para o sur de Europa e África, a valoración da súa incidencia para a industria galega da automoción, así como para as condicións laborais dos traballadores, e as medidas adoptadas ou previstas ao respecto [52044](#)

I 16097 - 2772 (10/PRE-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os proxectos de obra financiados pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan do carbón-2, na comarca das Pontes de García Rodríguez [52046](#)

I 16096 - 2440 (10/PRE-000422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a paliar as deficiencias no funcionamento da ETAP do concello de Taboada [52047](#)

I 16338 - 3014 (10/PRE-000581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo do impacto ambiental e para a saúde da poboación da xestión e tratamento dos diversos tipos de residuos industriais procedentes de hidrocarburos que se están a procesar na PMA de Lendo, na Laracha [52049](#)

I 16598 - 3039 (10/PRE-000584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa progresiva deterioración da calidade das augas da ría de Corcubión e, nomeadamente, a vertedura de gasóleo detectada durante a semana do 16 ao 18 de decembro de 2016 nela, nas proximidades de Quenxe [52052](#)

I 16597 - 3067 (10/PRE-000585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan [52054](#)

I 16596 - 3211 (10/PRE-000593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes pola empresa Ferroatlántica e o incremento dos niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia, en especial nos concellos de Cee e Dumbría, así como o mantemento dos postos de traballo derivados da división de enerxía nos centros de traballo galegos [52056](#)

I 16094 - 1600 (10/PRE-000636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización, antes do ano 2018, dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018 [52059](#)

I 16098 - 3556 (10/PRE-000660)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adaptación, posta en funcionamento e inicio das obras de construción de infraestruturas xudiciais no ano 2017 [52060](#)

I 16594 - 4888 (10/PRE-000767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de subvencións concedidas pola Xunta de Galicia durante o período 2010-2016 á Federación de Tiro ao Voo, así como ás entidades ou sociedades vinculadas con esa actividade, e a opinión do Goberno galego en relación co patrocinio dese tipo de campións [52063](#)

I 16289 - 5160 (10/PRE-000785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o significado do anuncio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de compatibilizar a conservación dos parques nacionais e naturais de Galicia co turismo sostible e o seu impulso como destinos turísticos e mais a súa opinión respecto do seu aproveitamento como

elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes, así como a súa inclusión nun plan de educación ambiental escolar

[52067](#)

I 16285 - 5213 (10/PRE-000790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de empresas que concorreron ao procedemento de contratación administrativa do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75 % polo Feader, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2014-2020 e a posible renuncia da Consellería á asunción da súa xestión directa mediante a súa adxudicación a Eulen, S.A., así como o órgano encargado de controlar a súa execución

[52070](#)

I 16283 - 5335 (10/PRE-000802)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo

[52073](#)

I 16278 - 5454 (10/PRE-000817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción

[52075](#)

I 15989 - 5698 (10/PRE-000847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da achega dalgunha solución ou colaboración para o arranxo das dificultades financeiras, así como a ampliación das instalacións, da minirresidencia de persoas maiores e centro de día do concello de Boimorto, de titularidade e xestión municipal

[52077](#)

I 16276 - 5716 (10/PRE-000851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo e os acordos adoptados pola mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, a contratación dalgunha consultoría externa para a realización dun estudo da súa accesibilidade e seguridade viaria, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para a súa mellora

[52079](#)

I 15941 - 6314 (10/PRE-000911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a existencia dun plan de igualdade en todos os organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou

dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, a asignación orzamentaria de cada un deles e o seguimento que se está a facer do seu cumprimento [52083](#)

I 15971 - 6403 (10/PRE-000924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre as afirmacións realizadas polo alcalde de Noia en relación coas mulleres no seu discurso institucional con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017 [52086](#)

I 16593 - 6513 (10/PRE-000938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o financiamento plurianual das federacións deportivas galegas no período 2017-2020, así como as previsións da Secretaría Xeral para o Deporte para a publicación das puntuacións dos baremos dos convenios correspondentes ao exercicio de 2017 [52088](#)

I 16592 - 6633 (10/PRE-000949)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da supresión da praza de cociñeira e a elección do modelo de cátering para o servizo de comidas do Centro de Día de Boiro, o persoal que se está a encargar del na actualidade e as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do anterior sistema de cociña [52090](#)

I 16269 - 7214 (10/PRE-001013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto que ten nos ríos galegos a superpoboación do corvo mariño cristado xigante, o tipo de controis iniciados dende o ano 2009 en relación con esa especie e as súas previsións respecto da súa intensificación nas zonas de nidificación e de invernada, así como entre os meses de setembro e abril de cada ano [52092](#)

I 16264 - 7683 (10/PRE-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da elección pola Deputación Provincial da Coruña da estación de esquí de Leitariegos, en León, para realizar a Campaña de esquí para o ano 2017, e desestimación para ese fin da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda, en Ourense [52095](#)

I 15975 - 7960 (10/PRE-001086)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión da *Guía para a crianza de bebés de 0 a 3 anos* no paquete que se lle entrega a cada familia cando nace un neno, a incorporación ao portal web da Consellería de Política Social de todas as guías e consellos ao respecto, incluíndo as editadas polo Sergas, así como dun directorio de recursos web na materia [52098](#)

I 16583 - 8394 (10/PRE-001130)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da execución de obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, do seu contorno natural, do muro de contención e das vivendas lindadeiras afectadas pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

[52100](#)**I 16257 - 8496 (10/PRE-001145)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da achega dalgún apoio económico e institucional ao Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017, así como os criterios que está a seguir para colaborar en eventos deste nivel

[52102](#)**I 16252 - 8693 (10/PRE-001184)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre o número de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico existentes en Galicia na data de entrada en vigor do Decreto 12/2017, a opinión do Goberno galego en relación co impacto da súa redacción na regulación do mercado actual e as razóns para modificar o criterio no referido ao alugamento por habitacións, así como a súa posición no tocante ao requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto

[52105](#)**I 16091 - 8730 (10/PRE-001185)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego**

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar ás persoas con dependencia financiado pola Xunta de Galicia e prestado polo Concello de San Sadurniño

[52109](#)**I 16371 - 8764 (10/PRE-001189)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflitividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflitividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona

[52111](#)**I 16251 - 8819 (10/PRE-001192)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre o contido da reunión mantida en febreiro de 2017 polo vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra para tratar o financiamento do proxecto de estación intermodal para esa cidade, a data prevista polo Goberno galego para a

súa posta en marcha e o descarte das opcións dun túnel ou dunha pasarela elevada, así como a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para ese fin [52113](#)

I 16582 - 8843 (10/PRE-001195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a falta de adaptación ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e dos xeodestinos de Galicia do actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, as previsións do Goberno galego respecto da revisión á alza do importe máximo da axuda concedida por entidade e a actuación que vai levar a cabo en relación coa diferenza existente entre o crédito orzamentario existente e o importe da subvención reflectido na resolución do 11 de abril de 2017 [52116](#)

I 16581 - 8894 (10/PRE-001198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 3 de setembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados [52119](#)

I 16580 - 8895 (10/PRE-001199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 8 de xullo de 2015 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados [52122](#)

I 16579 - 8897 (10/PRE-001200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 10 de novembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados [52125](#)

I 16578 - 8898 (10/PRE-001201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 17 de novembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados [52128](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de portos de Galicia

A Mesa da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na reunión do 20 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de portos de Galicia (14376, 10/PL-000005)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade

- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 16742)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16844)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 16843)

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Asignación a comisión da Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

- 13196 (10/PPL-000009)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
BOPG nº 154, do 28.07.2017

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces do día 19 de setembro de 2017, acordou asignar a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Acordo da Mesa do Parlamento, do 19 de setembro de 2017, polo que se abre o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética [(doc. núm. 37326, 10/PPLI-000013)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 16539, o escrito da presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, polo que traslada o acordo da reunión do 13 de setembro de 2017 sobre a conclusión da fase de comparecencias en relación coa Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013).

A Mesa toma coñecemento da conclusión da fase de comparecencias e, visto o disposto no artigo 123.4 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Abrir o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm. 37326, PPLI-000013), contado desde a publicación deste acordo, que concluirá o día 9 de outubro de 2017 ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 19 de setembro de 2017, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 16604 - 1246 (10/PRE-000065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a posición actual da Xunta de Galicia en relación coa construción dun rocódromo na cidade de Lugo, a realización dalgunha xestión para a execución do proxecto e o mantemento dalgún contacto co Concello e a Deputación provincial para o seu financiamento

- 16102 - 1584 (10/PRE-000097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a creación do centro de atención terapéutica-ocupacional de xestión pública para persoas con discapacidade de máis de 21 anos de idade na provincia de Ourense, así como a solución proposta para as persoas usuarias do centro de Velle

- 16603 - 1898 (10/PRE-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa e os datos referidos ao proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia, así como as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas medidas adoptadas pola Garda Civil no porto de Aguiño respecto de tres embarcacións dedicadas á extracción de percebe por non axustarse a potencia dos seus motores á que figura nas súas documentacións

- 16602 - 1909 (10/PRE-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 3 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar ningunha medida en relación coa elaboración polo Concello de Abadín dunha ordenanza municipal en materia de aproveitamentos agrícolas e forestais nunha área de terreo afectada por un proceso de concentración parcelaria pendente de remate, así como as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para protexer a superficie agraria útil e facer cumprir a Lei de montes de Galicia nestes casos

- 16095 - 2173 (10/PRE-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa decisión do grupo PSA Peugeot-Citroën de fixar no norte de Portugal a súa sede financeira para o sur de Europa e África, a valoración da súa incidencia para a industria galega da automoción, así como para as condicións laborais dos traballadores, e as medidas adoptadas ou previstas ao respecto

- 16097 - 2772 (10/PRE-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os proxectos de obra financiados pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan do carbón-2, na comarca das Pontes de García Rodríguez

- 16096 - 2440 (10/PRE-000422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a paliar as deficiencias no funcionamento da ETAP do concello de Taboada

- 16338 - 3014 (10/PRE-000581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo do impacto ambiental e para a saúde da poboación da xestión e tratamento dos diversos tipos de residuos industriais procedentes de hidrocarburos que se están a procesar na PMA de Lendo, na Laracha

- 16598 - 3039 (10/PRE-000584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa progresiva deterioración da calidade das augas da ría de Corcubión e, nomeadamente, a vertedura de gasóleo detectada durante a semana do 16 ao 18 de decembro de 2016 nela, nas proximidades de Quenxe

- 16597 - 3067 (10/PRE-000585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan

- 16596 - 3211 (10/PRE-000593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes pola empresa Ferroatlántica e o incremento dos niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia, en especial nos concellos de Cee e Dumbría, así como o mantemento dos postos de traballo derivados da división de enerxía nos centros de traballo galegos

- 16094 - 1600 (10/PRE-000636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización, antes do ano 2018, dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018

- 16098 - 3556 (10/PRE-000660)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adaptación, posta en funcionamento e inicio das obras de construción de infraestruturas xudiciais no ano 2017

- 16594 - 4888 (10/PRE-000767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de subvencións concedidas pola Xunta de Galicia durante o período 2010-2016 á Federación de Tiro ao Voo, así como ás entidades ou sociedades vinculadas con esa actividade, e a opinión do Goberno galego en relación co patrocinio dese tipo de campionatos

- 16289 - 5160 (10/PRE-000785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o significado do anuncio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de compatibilizar a conservación dos parques nacionais e naturais de Galicia co turismo sostible e o seu impulso como destinos turísticos e mais a súa opinión respecto do seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes, así como a súa inclusión nun plan de educación ambiental escolar

- 16285 - 5213 (10/PRE-000790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o número de empresas que concorreron ao procedemento de contratación administrativa do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75 % polo Feader, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galicia 2014-2020 e a posible renuncia da Consellería á asunción da súa xestión directa mediante a súa adxudicación a Eulen, S.A., así como o órgano encargado de controlar a súa execución

- 16283 - 5335 (10/PRE-000802)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo

- 16278 - 5454 (10/PRE-000817)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción

- 15989 - 5698 (10/PRE-000847)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da achega dalgunha solución ou colaboración para o arranxo das dificultades financeiras, así como a ampliación das instalacións, da minirresidencia de persoas maiores e centro de día do concello de Boimorto, de titularidade e xestión municipal

- 16276 - 5716 (10/PRE-000851)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo e os acordos adoptados pola mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, a contratación dalgunha consultoría externa para a realización dun estudo da súa accesibilidade e seguridade viaria, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para a súa mellora

- 15941 - 6314 (10/PRE-000911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a existencia dun plan de igualdade en todos os organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, a asignación orzamentaria de cada un deles e o seguimento que se está a facer do seu cumprimento

- 15971 - 6403 (10/PRE-000924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre as afirmacións realizadas polo alcalde de Noia en relación coas mulleres no seu discurso institucional con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017

- 16593 - 6513 (10/PRE-000938)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o financiamento plurianual das federacións deportivas galegas no período 2017-2020, así como as previsións da Secretaría Xeral para o Deporte para a publicación das puntuacións dos baremos dos convenios correspondentes ao exercicio de 2017

- 16592 - 6633 (10/PRE-000949)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da supresión da praza de cociñeira e a elección do modelo de cátering para o servizo de comidas do Centro de Día de Boiro, o persoal que se está a encargar del na actualidade e as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do anterior sistema de cociña

- 16269 - 7214 (10/PRE-001013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto que ten nos ríos galegos a superpoboación do corvo mariño cristado xigante, o tipo de controis iniciados dende o ano 2009 en relación con esa especie e as súas previsións respecto da súa intensificación nas zonas de nidificación e de invernada, así como entre os meses de setembro e abril de cada ano

- 16264 - 7683 (10/PRE-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da elección pola Deputación Provincial da Coruña da estación de esquí de Leitariegos, en León, para realizar a Campaña de esquí para o ano 2017, e desestimación para ese fin da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda, en Ourense

- 15975 - 7960 (10/PRE-001086)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión da *Guía para a crianza de bebés de 0 a 3 anos* no paquete que se lle entrega a cada familia cando nace un neno, a incorporación ao portal web da Consellería de Política Social de todas as guías e consellos ao respecto, incluíndo as editadas polo Sergas, así como dun directorio de recursos web na materia

- 16583 - 8394 (10/PRE-001130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da execución de obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, do seu contorno natural, do muro de contención e das vivendas lindadeiras afectadas pola construción do porto deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto

- 16257 - 8496 (10/PRE-001145)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da achega dalgún apoio económico e institucional ao Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017, así como os criterios que está a seguir para colaborar en eventos deste nivel

- 16252 - 8693 (10/PRE-001184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o número de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico existentes en Galicia na data de entrada en vigor do Decreto 12/2017, a opinión do Goberno galego en relación co impacto da súa redacción na regulación do mercado actual e as razóns para modificar o criterio no referido ao alugamento por habitacións, así como a súa posición no tocante ao requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto

- 16091 - 8730 (10/PRE-001185)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego

Sobre os datos referidos ao servizo de axuda no fogar ás persoas con dependencia financiado pola Xunta de Galicia e prestado polo Concello de San Sadurniño

- 16371 - 8764 (10/PRE-001189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflictividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflictividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona

- 16251 - 8819 (10/PRE-001192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o contido da reunión mantida en febreiro de 2017 polo vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra para tratar o financiamento do proxecto de estación intermodal para esa cidade, a data prevista polo Goberno galego para a súa posta en marcha e o descarte das opcións dun túnel ou dunha pasarela elevada, así como a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para ese fin

- 16582 - 8843 (10/PRE-001195)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre a falta de adaptación ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e dos xeodestinos de Galicia do actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, as previsións do Goberno galego respecto da revisión á alza do importe máximo da axuda concedida por entidade e a actuación que vai levar a cabo en relación coa diferenza existente entre o crédito orzamentario existente e o importe da subvención reflectido na resolución do 11 de abril de 2017

- 16581 - 8894 (10/PRE-001198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 3 de setembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados

- 16580 - 8895 (10/PRE-001199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 8 de xullo de 2015 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados

- 16579 - 8897 (10/PRE-001200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 10 de novembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados

- 16578 - 8898 (10/PRE-001201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 17 de novembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda ao Proxecto de Lei de Portos de Galicia** (PL-000005, doc. núm. 14376), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións.

Primeira.

A importancia económica que para Galicia supón a actividade desenvolta nos máis de 120 portos de titularidade autonómica, así como a inexistencia de normativa propia e a dispersión da normativa actual, fan preciso a redacción, debate e aprobación dunha lei de portos autonómica que permita avanzar na autoxestión e na definición do modelo portuario que necesita o país.

Precisamente a necesidade de establecer unha explotación integral do conxunto de portos de titularidade autonómica, de harmonizar e distribuír os usos e actividades e de coordinar a actividade económica destes portos e os de interese xeral, é o ámbito que esquece este anteproxecto.

Anteproxecto incapaz de iniciar unha planificación conxunta e coordinada que evite as competencias desleais e permita establecer unha estratexia de país no ámbito portuario.

A norma esquece a necesidade de establecer por lei a elaboración dun plan integral de xestión portuaria que permita marcar directrices, prioridades e obxectivos de forma que establezamos certa coherencia ao noso sistema portuario.

Segunda.

O proxecto, dende o punto de vista do noso grupo parlamentar, invade competencias municipais e non facilita a cooperación Portos-Concello no tratamento de usos das fachadas marítimas, tendo en conta, ademais, que a maioría dos portos de responsabilidade galega teñen unha integración máis importante cas vilas que os acollen que os portos de interese xeral. A norma debera establecer mecanismos legais de cooperación entre administración autonómica, portos de Galicia e Concello co obxectivo de establecer estratexias coherentes e compartidas sobre os usos das fachadas marítimas da nosa costa.

Terceira

Na parte que ten a ver coa determinación dos órganos executivos encargados da toma de decisión e execución dos acordos, a determinación dos membros do Consello Reitor non parece equilibrada, esquece a presenza de organizacións relevantes, como sindicatos e organizacións de produtores, sen determinar que mecanismos permiten a súa presenza ou non, ademais de obviar a unha parte da sociedade civil organizada, ou da necesaria representación municipal, e de incrementar e dirixir gran número de competencias en órganos de carácter unipersoal que van en contra da necesidade de socializar as iniciativas en materia de política portuaria.

Cuarta.

O proxecto abusa do recurso ao posterior desenvolvemento mediante decretos, de elementos fundamentais para a política portuaria, dende as prioridades de usos portuarios, as taxas e prezos públicos, impedindo, polo tanto, unha mínima planificación ou dirección previa que comprometa unha liña de acción que poida ser compartida, ou non, polo órgano legislativo. Debería cando menos determinar



as liñas básicas e estratéxicas sobre as que determinar o concreto do futuro desenvolvemento en forma de decreto.

Quinta.

A Exposición de motivos do proxecto de lei establece unha subordinación da función pública dos portos á iniciativa privada, feito que se concreta en numerosos preceptos que contén o proxecto onde se antepón a iniciativa privada á ordenación pública da actividade: dende os usos, as concesións e autorizacións administrativas; supeditando, polo tanto, o interese público ao interese económico particular e establecéndose, ademais, mecanismos de autorización e concesión da lámina de auga para a iniciativa privada que poden chegar a colisionar cos usos lindeiros de explotación marisqueira e pesqueira.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/09/2017 14:25:04

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376), sobre a base das seguintes consideracións:

- É un proxecto de lei que aínda sendo administrativamente prolixo, terá unha incidencia pública nula ou moi limitada na realidade portuaria e económica de Galicia.
- Non reflicte cuestións fundamentais (como por exemplo as taxas portuarias), descartándose un impacto económico mesmo sobre os sectores económicos e produtivos portuarios galegos.
- Tampouco se deriva ningunha medida salientable dende os aspectos sociais ou medio ambientais, perdéndose unha importante oportunidade neste sentido.
- Non contempla a necesaria realización dalgunha planificación estratéxica xeral para o sistema portuario galego, tal e como xa puxo de manifesto o propio Consello Económico e Social de Galicia.
- Non contén a actualización necesaria, o que se contrapón co obxectivo da súa suposta necesidade e importancia.
- Reflicte un modelo organizativo problemático e ademais incompleto, cando os seus ingresos son fundamentalmente públicos, xa que, entre outros aspectos, permitirá crear un número indeterminado de empresas públicas portuarias.



Grupo Parlamentario

- Non prevé ningún tipo de mellora financeira ou reforma substancial que afecte ao réxime económico-financeiro dos portos, que debería constituír un factor fundamental, nin contempla ningún plan de investimento a realizar, pese ao que se manifesta respecto da súa importancia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non contempla a necesaria coordinación e participación das administracións locais, ás que se lles impón unhas consideracións urbanísticas peculiares, problemáticas e non pactadas, ao tempo que podería vulnerar o principio da autonomía local en cuestións como a imposición a estas de diversos trámites fóra da normativa xeral, ou a exclusión de determinadas licenzas de obras.

- Non existe ningunha medida que articule un deseño válido cos sistemas de transporte ou co entorno urbano, nin prevé ningunha cuestión respecto da necesaria coordinación e conexión coas plataformas loxísticas.
- Non establece medidas axeitadas para a coordinación co resto das administracións, así como tampouco ningún tipo de canal participativo ca cidadanía ou consello asesor xeral especializado en cuestións portuarias.
- Non reflicte ningún prazo nin mecanismos de seguimento e control sobre aspectos fundamentais, tal e como acontece para os denominados plans directores de infraestruturas.
- Afástase da normativa europea relativa á adxudicación de contratos de concesión por parte das administracións a particulares.
- Introduce formulacións demasiado incertas e xenerosas ao respecto da participación ou da iniciativa privada, sen que se evidencie a defensa dos intereses xerais.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/09/2017 16:54:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de portos de Galiza [10/PL-000005 (doc. núm. 14376)]**, en base ás seguintes consideracións:

Galiza conta cunha inxente cantidade de portos e instalacións portuarias, a densidade portuaria máis alta da península ibérica, e seguramente unha das máis altas de Europa, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi regulado por unha lei específica.

Este Proxecto de lei de portos de Galiza, despois de terse feito agardar tantos anos, resulta decepcionante, pois non responde nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais é prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

É un Proxecto de lei claramente privatizador dunha actividade económica e produtiva estratéxica. No mesmo chégase a afirmar literalmente, sen rubor, que a actividade pública se poría en marcha “sempre que sexa preciso para atender posíbeis deficiencias da iniciativa privada”. Non corrixe, e mesmo acentúa, as tensións privatizadoras a que está sometido o sector.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fica claro cal é a auténtica prioridade e a orientación ideolóxico-política que fundamenta este Proxecto de lei. Dous claros exemplos disto son, primeiro escoller, entre todas as figuras legais existentes, a de “Entidade Pública Empresarial” para o organismo Portos de Galiza, e así ir laminando o carácter público do sector portuario, e segundo ampliar o período de concesións de 30 a 50 anos.

Este Proxecto de lei non cuestiona a distribución competencial. Porén, a xuízo do BNG, é unha oportunidade perdida para que Galiza saía beneficiada e poida deseñar a súa propia política en función dos seus intereses e potencialidades, sen inxerencias externas que couten o seu desenvolvemento.

Resulta paradoxal que o texto recoñeza na súa exposición de motivos o peso económico e demográfico no ámbito costeiro, mais logo non cuestione os inxentes beneficios económicos que obtén o Estado da xestión e explotación dos portos galegos baixo a súa competencia. Os portos galegos “de interese xeral” Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Ferrol e San Cibrao son un negocio moi rendíbel para o Estado e esta lei non contempla que eses recursos reverter en Galiza. Non corrixe a terríbel división do sector entre os portos da nosa competencia e os portos galegos de competencia do Estado español. No Título Preliminar unicamente chega a esbozar un raquíctico compromiso de elaborar unha relación de espazos pesqueiros e destinados a usos náutico deportivos que reúnan as características recollidas no artigo 3.6 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro para promover a segregación prevista no citado artigo e nos artigos 2.1, letra e) e 3.3 desta Lei.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A maiores, boa parte das supostas competencias do Ente Público subordínanse, aínda dentro do ámbito competencial galego, a permisos ou informes previos da denominada “autoridade marítima”, que non é outra que a Dirección Xeral da Mariña Mercante, ou en casos, a propia Armada española.

Na definición realizada no Cap. II do Título Preliminar. Dos portos e instalacións portuarias, vemos como estende a súa definición en determinados conceptos como de porto deportivo non só ao conxunto de augas que abarca, senón tamén aos espazos terrestres contiguos a estas obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenvolver operacións propias da flota deportiva. Ou de mariña interior como o conxunto de infraestruturas, obras e instalacións necesarias para comunicar permanentemente os terreos interiores de propiedade privada ou da Administración Pública, coa lámina de auga de portos.

Prioriza o interese náutico deportivo fronte a outros do conxunto da colectividade, como pode ser o desfrute de praia, paseo ou lecer. Estas cuestións provocan claramente un permanente conflito cos criterios medio ambientais, mais tamén de ocupación, dado que moitas veces os intereses deportivos chocan cos intereses dos concellos de manter zonas de lecer ou incluso en moitos casos entra en contradición co uso de praia.

Dentro do Cap. III. Principios xerais, debería contemplarse como principio de unidade de xestión aquela levada a cabo polos portos de interese xeral, habida conta de que os presidentes son nomeados polo titular responsable de portos e dado que é de sentido común que haxa unha coordinación naquelas cuestións que lle afecten as actividades prioritarias dos portos galegas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALÉGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non pode ser que a planificación de instalación náutico deportivas de Portos de Galiza non estea embrizada na que realizan os portos de interese xeral. Este Proxecto de lei unicamente esboza que establecerá os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica e a cooperación e colaboración na xestión entre os portos de competencia autonómica e os portos de interese do Estado pero no concreto nada de nada.

No Título II relativo a planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade recupera a figura dos plans Directores de Infraestruturas. A pesar do seu carácter vinculante, a realidade é que se pode modificar por obras menores, por obras de recoñecida urxencia ou de excepcional interese público, debidamente apreciado polo Consello da Xunta. Tamén poderá modificar a Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios que moitos dos portos xa teñen aprobado co cal seguirá sendo un instrumento totalmente moldeábel polo presidente/a ou goberno de quenda.

En realidade é unha blindaxe ante a revisión ou modificacións dos instrumentos de ordenación municipal xa que os mesmos non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación das competencias de explotación portuaria e encima dado o seu suposto carácter supramunicipal, a superficie do sistema xeral non computará aos efectos de dotacións, cesións de aproveitamentos, reservas e equipamentos de xeito que os concellos ven eliminadas as súas competencias urbanísticas para ordenar o litoral. Portos con esta lei pode construír ata 12 metros de altura. E incluso vai máis lonxe ao determinar que a aprobación dos mesmos implicará, se é o caso, a necesidade de revisión ou modificación dos instrumentos de planeamento



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbanístico municipal co fin de integrar as determinación do planeamento sectorial portuario no planeamento urbanístico municipal.

Os proxectos e obras deberán pois someterse ao Plan Director de Infraestruturas e aos concello unicamente lle solicitarán informe, nin sequera no caso de que non estivera aprobado o Plan o concello daría licenza, unicamente informe de acomodación das obras a lexislación urbanística municipal. E por suposto, as obras e instalacións portuarias non estarán aos actos de control preventivo municipal. Unicamente serán susceptibles de control e licenza municipal aqueles que non sexan acordes cos usos portuarios que realice a administración portuaria directamente, isto é ningún.

E por suposto, as obras de interese xeral portuario non poderán ser suspendidas en ningún caso pola autoridade urbanística competente. E as realizadas na lámina de auga non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal, obviamente.

Os criterios de libre competencia, concorrencia competitiva e a liberdade de empresa, establécense para garantir a inversión realizada e sen conexión ningunha co servizo que debe prestar, como por exemplo o modelo de transporte privado das Illas Atlánticas.

No apartado dos portos náutico deportivos séguese co modelo de crecemento infinito, sen conexión ningunha cos portos de interese xeral, con un criterio de aceso a prazas públicas unicamente pola orde de solicitude ou dándolle preferencia ao tamaño, esquecendo a racionalidade en determinadas rías e sen desenvolver medidas que poñan en valor a función social destas



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843
Data envío: 18/09/2017 17:41:48.911

instalacións e que aposte pola recuperación das embarcacións tradicionais ou por preservar o medio ambiente e os recursos mariños antes que o negocio inversor.

Resulta especialmente preocupante que este Proxecto de lei non lle dea un tratamento específico aos portos pesqueiros, cunha actividade de máis de 170.000 toneladas descargadas, nin un plan para adecuar o sector mexiloeiro a un mínimo de servizos básicos, un sector estratéxico que conta cunhas descargas próximas as 200.000 toneladas e no que nos encontramos con portos nos que teñen que fondear ou que carecen de pantaláns para realizar o atraque.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula emenda de totalidade ao Proxecto de lei de portos de Galiza solicitando a súa devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2017 17:41
Nº Rexistro: 16843

Data envío: 18/09/2017 17:41:48.911

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/09/2017 17:11:22

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2017 17:11:27



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1246**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posición actual da Xunta de Galicia en relación coa construción dun rocódromo na cidade de Lugo, a realización dalgunha xestión para a execución do proxecto e o mantemento dalgún contacto co Concello e a Deputación provincial para o seu financiamento.”**, (publicada no BOPG número 19 do 24 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 3.02.2017- pola secretaria xeral para o Deporte, ao darlle resposta á pregunta 2705 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia




Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:39:22



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita número **1584**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a creación do centro de atención terapéutica-ocupacional de xestión pública para persoas con discapacidade de máis de 21anos de idade na provincia de Ourense, así como a solución proposta para as persoas usuarias do centro de Velle”**, (publicada no BOPG número 21, do 29 de novembro de 2016), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 5504 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca Cereza Senozanos Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 1898**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación do proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia”**, (publicada no BOPG número 29, do 15 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de regularización de embarcacións non é algo novidoso e restrinxido aos últimos tempos: comezou en 2007 (hai case dez anos) coa publicación da Lei 9/2007. Con esta norma quedaban fóra, entre outras, moitas embarcacións que foran valoradas negativamente en base ao informe asinado pola Secretaría General do Mar por considerar que xa foron obxecto de regularización ao abeiro dunha instrución de servizo da Dirección General da Mariña Mercante en 1999. Isto deixaba fóra do proceso a 1.466 embarcacións.

Para acoller a expedientes que non se puideron regularizar polo procedemento anterior, publicouse a Lei 35/11 de explotacións agrarias compartidas que engade un Título VI á Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado chamado ‘Regularización de buques pesqueros en el Censo de la Flota Pesquera Operativa y en el Registro de Buques y Empresas Navieras’, para acoller ás embarcacións que, segundo o art. 110º da Lei de Pesca Marítima do Estado:

‘hubieran presentado en plazo la solicitud de regularización en el marco de la Ley 9/2007, de 22 de junio, sobre regularización y actualización de inscripciones de embarcaciones pesqueras en el Registro de Buques y Empresas Navieras y en el Censo de la Flota Pesquera Operativa, y no fueron admitidas a trámite o hubieran sido desestimadas en virtud de lo establecido en el artículo 3 de la citada Ley. Este procedimiento será de aplicación a los expedientes instruidos y pendientes de aportación de bajas o resueltos cuya eficacia quedó demorada hasta el momento de la aportación de bajas’.

É dicir, podíanse acoller aquelas que foran desestimadas pola IS8/99 de Capitanía, aos de eficacia demorada... é dicir, que dos 1.466 expedientes que quedaron sen regularizar na Lei 9/2007, permitía que se acolleran 1.128 embarcacións.

Cando se fala de regularización actualmente e se cita a Lei 9/2007, hai que citar varias leis e decretos que se viñeron desenvolvendo ao longo destes dez anos, tamén a Lei 35/2011 (antes mencionada), o Real decreto 1081/2012 que desenvolvía a Lei 35/2011 e a Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, que precisamente derroga o Título VI que se engadira coa Lei 35/2011, así como tamén derroga a Lei 9/2007.

En conclusión, das embarcacións que se declararon irregulares nos procesos da Ley 9/2007 e Real decreto 1081/2012, **quedan por regularizar 478**. As causas principais foron: non presentar a embarcación ás medicións de Capitanía por parte do interesado, non presentar en prazo ao abeiro da Ley 9/2007, non presentar en prazo ao abeiro do Real decreto 1081/2012.

De todos modos, actualmente **existe un proceso de regularización permanente** ao abeiro do art. 55º do Real decreto 1586/2012 polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, relativo á ordenación do sector pesquero y adaptación al Fondo Europeo de Pesca, no que interveñen o Ministerio e a Capitanía Marítima e no que a Consellería, segundo establece ese Real decreto, non ten intervención activa. A data 2.02.2016, foron **75** as embarcacións que se regularizaron en Galicia ao abeiro dese artigo, **quedando neste intre menos de 400 barcos sen regularizar.**”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:39:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1909**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non adoptar ningunha medida en relación coa elaboración polo Concello de Abadín dunha ordenanza municipal en materia de aproveitamentos agrícolas e forestais nunha área de terreo afectada por un proceso de concentración parcelaria pendente de remate, así como as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para protexer a superficie agraria útil e facer cumprir a Lei de montes de Galicia nestes casos”**, (publicada no BOPG número 29 do 15 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“O Concello de Abadín elaborou no seu momento un borrador de ordenanza municipal, se ben éste non foi aprobado no Pleno do concello. Así, na actualidade non existe a ordenanza á que se refire a pregunta do Grupo Parlamentario de En Marea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:38:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2173**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego en relación coa decisión do grupo PSA Peugeot-Citroën de fixar no norte de Portugal a súa sede financeira para o sur de Europa e África, a valoración da súa incidencia para a industria galega da automoción, así como para as condicións laborais dos traballadores, e as medidas adoptadas ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 32 do 21 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A industria da automoción en Galicia está avalada pola experiencia e saber facer de todo o conglomerado de empresas auxiliares, que melloran a súa competitividade de xeito continuado, baixo a coordinación de Ceaga, para seguir traballando para as plantas do polo ibérico de PSA e incrementar as súas exportacións cara a outros clientes e outros mercados.

A Xunta está ao lado do sector naqueles proxectos que garantan a actividade industrial e potencien o crecemento da automoción na comunidade galega. En concreto, a innovación, a Industria 4.0 e a formación son os factores nos que se está a incidir especialmente porque son os que garanten o futuro do sector, que xa ten logrado os novos proxectos K9 e o modelo V20, cun investimento de 3.000 millóns de euros que, ademais, supón carga de traballo durante dez anos na planta de PSA en Vigo.

De feito, estamos a falar dun sector que ten permitido a creación de 1.350 novos empregos desde o ano 2012, alcanzando a cifra de preto de 20.000 postos de traballo directos, e que ten conseguido aumentar a súa facturación nos últimos tres anos ata sumar 8.320 millóns de euros en 2016, cunha gran vocación exterior (as exportacións acadaron o 59% da facturación).

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

12 SET. 2017

Núm. 16.095

O Goberno galego, polo tanto, seguirá a traballar ao lado do sector e con PSA para procurar que actividade e a xeración de emprego da automoción en Galicia se manteña á alza. Neste sentido, indicar que coa próxima aprobación da futura Lei de implantación industrial se prevé reforzar a captación de novos investimentos e crear novos empregos a través de novas medidas no eido da simplificación administrativa para a implantación dos proxectos, descontos e facilidades para o acceso a solo industrial, axudas e apoios ás actividades empresariais, que tamén beneficiarán ao noso sector da automoción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2772**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os proxectos de obra financiados pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan do carbón-2, na comarca das Pontes de García Rodríguez”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia financiou a redacción dos proxectos construtivos da estrada Airíos-Momán e o do solo industrial ‘Ampliación Polígono Industrial de Penapurreira’, cun custo o primeiro de 200.000 euros e o segundo de 3.340.000 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2440**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a paliar as deficiencias no funcionamento da ETAP do concello de Taboada”**, (publicada no BOPG número 36 do 28 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido

“En primeiro lugar, cómpre indicar que, de conformidade coa normativa vixente, os concellos teñen atribuídas as competencias en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais

A Administración Autónoma colabora coas administracións locais mediante o apoio á planificación, execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas. Dentro destas atribucións, e concretamente, en relación co abastecemento a Taboada, a Xunta de Galicia executou en 2016 a construción dunha Estación de Tratamento de Auga Potable en Taboada, cunha capacidade máxima de tratamento de 25 l/s, non incluíndo ningunha actuación na captación existente.

O anexo de dimensionamento da ETAP do proxecto incluía unha analítica completa da auga da captación facilitada polo Concello de Taboada, polo que a infraestrutura foi executada en base a os datos e parámetros analizados e proporcionados no momento da súa execución.

En todo caso, ao tratarse dunha competencia municipal é o Concello o que pode e debe estudar e coñecer as causas que poden provocar posibles deficiencias no seu sistema.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

12 SET. 2017


Núm.16096.....

No que respecta á calidade da auga das augas, cómpre engadir que Augas de Galicia non ten competencias nesta materia dentro dese ámbito territorial, sendo competencia da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



The image shows a handwritten signature in black ink, which appears to read 'Blanca', written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'COMISSARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS' and 'CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA' around the perimeter, with a central emblem.

Blanca García-Senoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3014**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo do impacto impacto medioambiental e para a saúde da poboación da xestión e tratamento dos diversos tipos de residuos industriais procedentes de hidrocarburos que se están a procesar na PMA de Lendo, na Laracha ”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O seguimento da instalación de xestión de residuos que Protección Medio Ambiental, S.L. ten no Concello da Laracha enmárcase no preceptivo seguimento do cumprimento da autorización ambiental integrada que lle foi outorgada en outubro de 2008.

Dita autorización, cuxo texto está dispoñible para consulta pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, sinala os preceptivos valores límite de emisión e impón a implantación das mellores técnicas dispoñibles, establecendo as correspondentes medidas de vixilancia, seguimento e control ambiental no que atinxe á protección da atmosfera, solos, augas ou xestión de residuos, quedando a instalación sometida ás obrigas de subministro de información e á práctica de inspeccións periódicas.

Con carácter previo ao outorgamento da autorización ambiental integrada, a instalación foi sometida aos

correspondentes trámites de avaliación de efectos ambientais ante a Comisión Galega do Medio Ambiente, que emitiu a correspondente declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:09:05



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3039** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa progresiva deterioración da calidade das augas da ría de Corcubión e, nomeadamente, a vertedura de gasóleo detectada durante a semana do 16 ao 18 de decembro de 2016 nela, nas proximidades de Quenxe”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 2.02.2017- pola directora xeral do Intecmar, ao darlle resposta á pregunta 2665 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:36:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16597

Data envío: 14/09/2017 15:36:21.660

Data 14/09/2017 15:36

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3067**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma iniciativa xa foi contestada na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 17 de marzo de 2017 polo Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao dar resposta a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro 3065.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 66a75195-ae88-9e73-c4f9-721689cf45c9



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:36:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3211**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes pola empresa Ferroatlántica e o incremento dos niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia, en especial, nos concellos de Cee e Dumbría, así como o mantemento dos postos de traballo derivados da división de enerxía nos centros de traballo galegos”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten desestimado a proposta da empresa porque non se dan as condicións necesarias, nin se cumpren os requisitos legais, para suprimir a condición actualmente vixente na concesión que ten por finalidade garantir o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na comunidade, polo que carece das condicións que establece a propia concesión de velar polo interese público. Estes requisitos fixéronse desde o primeiro momento na folia de ruta da Administración autonómica porque a súa premisa de actuación é sempre a seguridade, tanto desde o punto de vista xurídico como social.

A maiores, cómpre subliñar que o Goberno galego actuou coa máxima transparencia e diálogo cos axentes socioeconómicos da comarca, incluídos alcaldes e traballadores, que foron puntualmente informados sobre a evolución deste asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:35:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 1600, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Pérez Chao e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre “as previsións do Goberno galego respecto da realización, antes do ano 2018, dun balance da evolución do Plan estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2012-2018”, (publicada no BOPG número 7 do 9 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2016, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 3676, debatida no Pleno da Cámara galega de data 09-10/05/2017 e á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 3556**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da adaptación, posta en funcionamento e inicio das obras de construción de infraestruturas xudiciais no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 56 do 31 de xaneiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Infraestruturas Xudiciais, que aprobou a Xunta de Galicia na pasada lexislatura, comprendía actuacións de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais e obras de mantemento e mellora nos actuais edificios de xulgados. Constituía, ademais, unha planificación adaptable á propia evolución da actividade xudicial.

Para executar un Plan destas características, é esencial a colaboración institucional entre os concellos afectados e a propia Xunta de Galicia. Así, en función das circunstancias concretas de cada partido xudicial e da colaboración institucional, decídese a solución pola que optar: nova construción, ou rehabilitación dun edificio ou dunha sede xudicial.

Entre outras accións, dentro do Plan de infraestruturas destacan, por exemplo, a rehabilitación da Fábrica de Tabacos para uso xudicial, ou a nova sede para o Rexistro Civil da Coruña, para a que tamén se rehabilitou un antigo edificio. En canto á nova construción, pódese lembrar o novo edificio xudicial de Santiago, o novo edificio de Ourense, ou a nova sede do Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución de Vigo. Ademais, tamén se realizaron obras de rehabilitación nas sedes xudiciais de Betanzos, A Coruña, Ferrol, Lugo, Celanova, Carballiño; na fiscalía de Vigo; e acometéronse traballos de climatización nas sedes de Cambados, Vilagarcía e Vigo.



No que atinxe aos proxectos para 2017, ~~cómpre acometer determinadas~~ infraestruturas que o Goberno considera prioritarias:

- O novo edificio xudicial da Parda en Pontevedra. Os atrasos no proceso expropiatorio dos terreos, e por tanto a súa posta a disposición da Xunta de Galicia, motivaron que ata agosto de 2016 non se puidesen empezar as obras de construción do novo edificio.
- A Cidade da Xustiza de Vigo: A pesar de que a Xunta procedese desde o ano 2010 en varias anualidades a consignar o correspondente orzamento, o Concello de Vigo non puxo a disposición da Xunta os terreos necesarios. Ante esta situación a Xunta de Galicia decidiu cambiar o proxecto e rehabilitar o antigo edificio do Hospital Xeral como nova sede, de xeito que no ano 2016 se procedeu a convocar e adxudicar un concurso de ideas para a rehabilitación do edificio.


Neste momento, están xa a executarse as obras correspondentes á primeira fase (demolición dos espazos e elementos construtivos non necesarios), elaborándose en paralelo o proxecto de execución da segunda fase da rehabilitación, que será licitada de forma inmediata en canto dito proxecto sexa finalizado.

- Novo edificio xudicial de Tui: Realizouse xa unha auditoría sobre o edificio, o que permitiu determinar cales son as actuacións necesarias para rehabilitar o edificio e dar resposta aos requirimentos dos órganos xudiciais que nel se instalarán. Esta auditoría permite elaborar a continuación o proxecto básico e de execución das obras correspondentes, que se prevé que estea finalizado no prazo de dous meses, para proceder de inmediato á licitación das obras, co obxectivo de que estas obras podan estar licitadas este mesmo ano.
- Por outra banda, unha actuación non prevista inicialmente no Plan e que, non obstante, se vai acometer este mesmo ano son tamén as obras na fiscalía de Santiago de Compostela, proba do dinamismo e capacidade de adaptación que debe ter unha planificación neste eido, como anteriormente se apuntou.
- Así mesmo, está previsto realizar obras menores de acondicionamento en distintas sedes da Comunidade Autónoma cun investimento superior aos 360.000 €.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



- Finalmente, con relación á rehabilitación do edificio xudicial da Fábrica de Tabacos da Coruña, as obras xa remataron e realizouse o traslado ao novo edificio, co que se solucionan os problemas de espazo na cidade da Coruña.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4888**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de subvencións concedidas pola Xunta de Galicia durante o período 2010-2016 á Federación de Tiro ao Voo, así como ás entidades ou sociedades vinculadas con esa actividade, e a opinión do Goberno galego en relación co patrocinio dese tipo de campionatos.”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas son entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Nas federacións intégranse os clubs, as seccións deportivas, os deportistas, os técnicos, os xuíces, os árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva. As federacións deportivas galegas, ademais das funcións propias do seu ámbito de actuación privada, exercen, en virtude desta lei, as funcións delegadas que se recollen no artigo 56.4. Son funcións delegadas aquelas funcións públicas de carácter administrativo que se exercen por delegación. Neste caso, as federacións actuarán como axentes colaboradores da Administración baixo a súa tutela e coordinación.

Deste xeito, a Federación Galega de Tiro ao Voo é unha das 58 federacións deportivas galegas que actualmente se atopa no rexistro e que traballa man a man coa Secretaría Xeral para o Deporte para a mellora da actividade física en Galicia. A Secretaría Xeral para o Deporte conta cun orzamento de 3,6 millóns de euros para o financiamento das 58 federacións deportivas, contamos cun, o que supón un incremento do 5,12% sobre o destinado en 2016. A Federación Galega de Tiro ao Voo beneficiase deste reparto cos 6.130 euros concedidos neste exercicio con motivo do convenio de promoción e desenvolvemento da modalidade, sendo a 56ª federación dentro das 58 federacións deportivas existentes por orde de investimento. É dicir, de todas as federacións foi a terceira que recibiu menor investimento.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Durante o período 2010-2016 a Secretaría Xeral para o Deporte financiou á Federación Galega de Tiro ao Voo con 41.852,75 euros no que atinxe aos convenios anuais de promoción e desenvolvemento da modalidade. Ademais, entre 2014 e 2016 a Sociedade Deportiva Río Sar percibiu 3.285,80 euros pola modalidade de tiro ao voo no capítulo de subvencións a clubs e outros 3.113,18 euros pola modalidade de tiro olímpico.

Cómpre salientar que respecto a polémica que pode suscitar dentro desta federación a práctica do tiro ao pombiño, esta constitúe unha práctica deportiva legal e recoñecida a nivel autonómico, estatal e internacional. Esta especialidade está recollida nos Estatutos da Federación Galega de Tiro ao Voo, constituída no ano 1993 e inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. A nivel estatal está recoñecida polo Consello Superior de Deportes e recollida nos estatutos da Federación Española de Tiro ao Voo. Así mesmo, existe a nivel internacional a FEDECAT, que é a federación internacional de nacionalidade española e con sede en Madrid. Actualmente, a normativa en vigor en materia de benestar animal (Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro) -en tanto non se aprobe a nova lei que está xa na fase final da súa tramitación parlamentaria- admite como unha excepción, no seu artigo 5.3, a celebración de competicións de tiro de pombiño. Evidentemente, no caso de que prospere algunha reforma lexislativa na que se prohiba a realización deste tipo de actividade tomaranse as medidas oportunas.

Neste sentido, cómpre lembrar que o Anteproxecto de Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (actualmente en tramitación) non prevé no seu ámbito de aplicación esta excepción relativa ao tiro ao pombiño, polo que sería obxecto de prohibición segundo o artigo 9 -Prohibicións xenéricas- das condutas ou prácticas prohibidas en relación aos animais obxecto da norma.

Sinalar que, tanto no trámite de información pública como no trámite de audiencia (ao que foi sometido o anteproxecto de lei), ningunha das 400 comunicacións de alegacións recibidas solicitaron o mantemento da excepción relativa á práctica desta actividade. Así mesmo, durante o trámite parlamentario ningún grupo amosou o seu apoio ao mantemento desta excepción.

Nestes momentos, unha vez aprobado o proxecto de lei polo Consello da Xunta e remitido ao Parlamento, prevese a aprobación definitiva da nova norma a comezos do próximo período de



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

sesións. Unha vez publicada a normativa esta práctica non tería cobertura legal; polo tanto, o Goberno da Xunta xa ten activados os mecanismos legais para abolir a realización desta actividade.

En España, o tiro ao voo é un dos deportes cun historial máis antigo dos que se practican. A actividade ten unha gran repercusión desde o punto de vista económico no sector hostaleiro e de restauración. En Galicia celébranse as tiradas anuais da Toxa, cunha afluencia de 170-200 participantes, moitos dos cales se desprazan cos seus familiares para gozar das vacacións estivais na zona no mes de xullo.

A pesar de esta gran tradición, cómpre destacar que a media de idade dos deportistas desta especialidade é moi elevada e que na actualidade está a gañar presenza a modalidade de tiro á hélices (FAN 32) fronte á do tiro ao pombiño, aínda que polo momento conviven as dúas modalidades no calendario galego de tiro ao voo.

A Federación Galega de Tiro ao Voo é a sexta federación que conta con menor número de licencias en Galicia, con tan só 292 licencias federativas. Soamente as federacións de esquí náutico, deportes de inverno, colombofilia, colombicultura e pelota, teñen menor número de licencias. Para facer un análise comparativo, a Federación Galega de Tiro Olímpico conta con 3.711 licencias, case 13 veces máis que Tiro ao Voo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:32:24



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5160**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“o significado do anuncio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de compatibilizar a conservación dos parques nacionais e naturais de Galicia co turismo sostible e o seu impulso como destinos turísticos e mais a súa opinión respecto do seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes, así como a súa inclusión nun plan de educación ambiental escolar ”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Compatibilizar a conservación dos parques naturais co turismo sostible significa promocionar os espazos naturais de Galicia co obxectivo de incrementar o seu coñecemento. Isto sempre facendo compatible a promoción coa conservación dos seus valores naturais, establecendo límites naqueles casos nos que a demanda supera a capacidade do espazo, como no caso do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas ou a praia das Catedrais, e incrementando a promoción daqueles espazos menos coñecidos.

A natureza é un dos grandes atractivos de Galicia, e os espazos naturais protexidos son o mellor exemplo da excepcional súa riqueza natural. A súa promoción, respectando en todo momento os seus valores naturais, é sen dúbida unha das mellores formas de poñer en valor a contorna natural da nosa comunidade. Trátase de valorizar estes espazos naturais, convertendo a afluencia de visitantes nunha fonte de riqueza para a contorna dos mesmos.

Por outra banda, cómpre sinalar que a educación ambiental é un dos piares dos parques naturais, xa que todos eles dispoñen de aulas da natureza e de monitores especializados nesta materia. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten asinado un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a atención de centros educativos. Do mesmo xeito, asináronse convenios coas universidades galegas para a realización de prácticas nos parques naturais. Ademais, colaborase estreitamente con centros educativos que están a desenvolver

proxectos educativos nalgúns destes espazos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:21:59



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 5213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de empresas que concorreron ao procedemento de contratación administrativa do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75% polo Feader, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia 2014-2020, a posible renuncia da consellaría á asunción da súa xestión directa mediante a súa adxudicación á Eulen, S.A., así como o órgano encargado de controlar a súa execución”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Segundo consta na documentación do expediente relativo ao servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), o número de empresas admitidas nesta licitación foi de 81.

En ningún caso, esta actuación puntual realizada a través deste contrato implica que non se estean a realizar labores permanentes de conservación e protección dos nosos ecosistemas fluviais, a través dos medios propios da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Segundo consta no expediente, o órgano responsable do contrato é a correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en cada provincia.

Finalmente, cómpre subliñar que os traballos obxecto do presente contrato foron rematados no

pasado mes de decembro, sendo realizados satisfactoriamente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:20:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5335** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño e a súa afección ao achado arqueolóxico do castro de Imo”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 4.05.2017- ao darlle resposta á pregunta 5338 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:19:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5454**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación que está a levar cabo o Goberno galego en relación coa promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017, e as súas previsións respecto do establecemento dalgunha liña de apoio institucional e económico para o desenvolvemento das actividades programadas con motivo desa distinción.”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento na sesión da comisión 6ª do 12.05.2017 ao darlle resposta á pregunta 5453 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:17:05



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:34
Nº Rexistro: 15989

Data envío: 11/09/2017 12:34:27.684

Data 11/09/2017 12:34

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 5698**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social respecto da achega dalgunha solución ou colaboración para o arranxo das dificultades financeiras, así como a ampliación das instalación, da minirresidencia de persoas maiores e centro de día do concello de Boimorto, de titularidade e xestión municipal”**, (publicada no BOPG número 80, do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 29.03.2017- pola directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ao darlle resposta á pregunta 5697 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:34:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 5716**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo e os acordos adoptados pola mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, a contratación dalgunha consultoría externa para a realización dun estudo da súa accesibilidade e seguridade viaria, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para a súa mellora.”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Camiño Portugués conforma un dos espazos de maior valor histórico-artístico.

A extraordinaria riqueza monumental e paisaxística desta ruta xacobeana atrae cada ano a milleiros de peregrinos.

Pero, ademais, é un dos produtos estrela que reforzan a unión de Galicia e o Norte de Portugal ao constituír un trazado que transcorre entre os dous territorios ata a súa culminación en Santiago de Compostela.

O pasado ano, dos 277.854 peregrinos que chegaron a Galicia, 49.538 empregaron o Camiño Portugués, o que supón o 17,83% do total de peregrinos que recolleron a Compostela.

No que se refire a este ano 2017, esta ruta consolidouse como a segunda con maior afluencia de peregrinos ao rexistrar no que vai de ano máis do 24% do total.

E a estes hai que engadir aquelas persoas que fan o camiño sen selar a Compostela, arredor dun 10 % máis.

Desde Turismo de Galicia somos moi conscientes do peso que está a adquirir o Camiño Portugués, en concreto, e da importancia de cada unha das Rutas Xacobeas, en xeral, para o futuro de Galicia.

Por isto, puxemos en marcha o Plan Director do Camiño de Santiago, para ter unha ferramenta de xestión na que se establecesen as directrices necesarias para conseguir a conservación e a protección do Camiño na nosa Comunidade.

Entre outras iniciativas, este Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago impulsa a constitución das Mesas do Camiño en cada unha das provincias galegas, convocadas pola respectiva Deputación Provincial, como un órgano de cooperación entre os axentes implicados na xestión do Camiño de Santiago, especialmente coas entidades locais.

Neste marco, Turismo de Galicia promoveu a constitución dunha mesa de traballo permanente do Camiño Portugués a prol da potenciación desta ruta e o traballo coordinado entre as administracións locais, provincial e autonómica.

A Mesa de Traballo do Camiño Portugués que integra aos doce concellos polos que pasa esta Ruta Xacobeá na provincia de Pontevedra - Portugués -Tui, Porriño, Mos, Redondela, Soutomaior, Vilaboa, Pontevedra, Barro, Portas, Caldas de Reis, Valga e Pontecesures-, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a Asociacións de Amigos do Camiño é fundamental para fortalecer esta ruta e para seguir afondando na promoción do Camiño Portugués, sobre todo cos municipios do país veciño, que teñen moito que dicir.

Dende a súa constitución foron celebradas un total de tres reunións: baixo a presidencia de Rafael Louzan, dúas, en agosto de 2014 e xullo de 2015, e baixo a presidencia de Carmela Silva, unha, no mes de abril do pasado ano 2016.

Neste senso, cómpre aclarar, que esta Mesa de Traballo permanente non adopta acordos executivos pois carece de carácter formal.

O obxectivo da mesma é que os seus membros participantes aporten información sobre as súas actividades e debatan sobre os principais temas de interese.

Sen dubida, a seguridade dos peregrinos é un dos temas de interese desta Mesa e unha das principais prioridades de Turismo de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:15:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6314**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia dun plan de igualdade en todos os organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, a asignación orzamentaria de cada un deles e o seguimento que se está a facer do seu cumprimento.”**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade no punto 1 do seu artigo 67, dispón:

Artigo 67. Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade

1. Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma.

A Comisión Interdepartamental da Igualdade como órgano colexiado e institucional de Galicia, adscrito ao órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, conta coa participación na súa composición de todas as consellerías da Xunta de Galicia, supón o establecemento dunha garantía de integración do



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

principio de transversalidade nas actuacións que se poidan levar a cabo no ámbito das súas competencias.

Así, a Comisión interdepartamental da Igualdade reuniuse o pasado 4 de xullo de 2017 e, un dos puntos tratados e aprobados nesta xuntanza foi o da elaboración do I Plan de igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 9:38:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6403**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as afirmacións realizadas polo alcalde de Noia en relación coas mulleres no seu discurso institucional con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017.”**, (publicada no BOPG número 85 do 17 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O rexeitamento por parte do Goberno galego aos comentarios do alcalde de Noia, Santiago Freire, verquidos nun acto do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, xa foi manifestado polo Vicepresidente da Xunta de Galicia no Pleno do Parlamento galego que tivo lugar o 22 de marzo de 2017, a raíz da resposta dada á pregunta con número de rexistro 6507.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:26:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6513**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o financiamento plurianual das federacións deportivas galegas no período 2017-2020, así como as previsións da Secretaría Xeral para o Deporte para a publicación das puntuacións dos baremos dos convenios correspondentes ao exercicio de 2017.”**, (publicada no BOPG número 87 do 22 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 19.04.2017- pola secretaria xeral para o Deporte, ao darlle resposta á pregunta 6511 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:31:59



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6633**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da supresión da praza de cociñeira e a elección do modelo de cátering para o servizo de comidas do Centro de Día de Boiro, o persoal que se está a encargar del na actualidade e as previsións da Xunta de Galicia respecto do restablecemento do anterior sistema de cociña.”**, (publicada no BOPG número 87 do 22 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, con motivo do debate da pregunta 6632 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada, que tivo lugar na Comisión 5ª celebrada o 20 de abril de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:31:49



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 7214**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“opinión do Goberno galego respecto do impacto que ten nos ríos galegos a superpoboación do corvo mariño cristado xigante, o tipo de controis iniciados dende o ano 2009 en relación con esa especie e as súas previsións respecto da súa intensificación nas zonas de nidificación e de invernada, así como entre os meses de setembro e abril de cada ano”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Con respecto a esta iniciativa, cómpre indicar que non se coñece ningunha especie con presenza en Galicia que responda á denominación ‘corvo mariño cristado xigante’. Non obstante, coa denominación ‘corvo mariño cristado’ identifícase unha especie de ave mariña (*Phalacrocorax aristotelis*), catalogada como vulnerable tanto no catálogo galego como no español de especies ameazadas (regulados mediante o Decreto 87/2007, do 19 de abril e o Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, respectivamente). Con todo, non se ten detectado ningún problema para os ríos galegos relacionados coa citada especie.

Non obstante, con respecto á poboación de ‘cormorán grande’ (*Phalacrocorax carbo*), ave acuática de dieta piscívora invernante presente nos estuarios e en zonas dulceacuícolas de Galicia e á que se pode referir a pregunta, cómpre indicar que recentemente a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Pesca. Neste documento, incorporouse xa unha partida para a elaboración dun estudio das posibles medidas tendentes a minimizar o impacto de determinadas especies de avifauna no ecosistema fluvial (entre as que se inclúe o cormorán grande). O obxectivo é

acadar un equilibrio, aos efectos dun aproveitamento sustentable das poboacións de peixes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:10:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7683**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vila Sánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da elección pola Deputación Provincial da Coruña da estación de esquí de Leitariegos, en León, para realizar a Campaña de Esquí para o ano 2017 e o desbote para ese fin da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda, en Ourense.”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A Deputación Provincial da Coruña é a institución pública que presta servizo aos 93 concellos da provincia da Coruña, polo tanto é a entidade encargada do órgano de goberno e administración da provincia coruñesa. Como institución pública que é ten os seus propios criterios e protocolos de actuación para levar a cabo a política provincial polo que habería que preguntar á Deputación Provincial da Coruña, gobernada en minoría polo PSdeG co apoio do BNG, da Marea Atlántica e de Alternativa dos Veciños, por que prefire conceder un contrato a unha estación de esquí situada noutra comunidade diferente a Galicia cando na nosa propia comunidade dispoñemos dunha das mellores e pioneiras estacións de esquí do panorama nacional como é Manzaneda. Desde a Xunta de Galicia entendemos que, case sempre, cando existe un goberno en minoría en lugar de deixar gobernar á lista máis votada (o PPdeG conta na Deputación con 13 deputados) prodúcense erros de xestión deste tipo.

Desde o Goberno galego confiamos ao 100% nas posibilidades das infraestruturas galegas e consideramos que os recintos deportivos dos que dispoñemos en Galicia ben sexan de titularidade autonómica ou municipal, contan con todas as garantías para acoller calquera evento de primeira categoría. Deste xeito, a estación de esquí de Manzaneda, na que a Xunta de Galicia participa maioritariamente xunto á Deputación Provincial de Ourense e aos concellos de Pobra de Trives e Manzaneda, é como xa apuntamos unha excelente estación de esquí do panorama nacional cunha ampla oferta deportiva e lúdica tanto en inverno como en verán xa que a Xunta de Galicia leva tempo apostando pola desestacionalización. Deste xeito, a estación de esquí de Manzaneda conta con diversas actividades que permiten o seu



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

funcionamento durante todo o ano. Ademais do esquí dispón de: campos de fútbol de herba, pistas de tenis, circuío de karts, hípica, mountain bike, piscina climatizada, pista polideportiva exterior e pavillón cuberto multiusos con ximnasio, Tirolina Xigante e Parque Multiaventura.

No que atinxe á práctica do esquí, Manzaneda conta cunha gran extensión de pistas (17 km), 23 pistas homologadas de esquí alpino de diversas dificultades, un circuío de 5 km para esquí de fondo; e un Snow Park (XabaPark) con diferentes módulos. A estación complétase con 4 telesquíis e dous modernos telesillas de catro e seis prazas que permiten desprazar a 7.600 esquiadores/hora. Tamén dispón de escola de esquí, para aqueles que queiran iniciarse ou perfeccionar a súa técnica e tamén dispón dun renovado servizo de aluguer de material de esquí e snowboard.

A Xunta de Galicia segue a realizar unha forte aposta pola modernización da estación de esquí de Manzaneda como o demostran os investimentos no complexo como o contrato de innivación, xa adxudicado, que a partir duns canóns de neve permitirá que a estación sexa máis competitiva nos meses de inverno.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:08:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15975

Data envío: 11/09/2017 12:27:34.463

Data 11/09/2017 12:27

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 7960**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da inclusión da Guía para a crianza de bebés de 0 a 3 anos no paquete que se lle entrega a cada familia cando nace un neno, a incorporación ao portal web da Consellería de Política Social de todas as guías e consellos ao respecto, incluíndo as editadas polo Sergas, así como dun directorio de recursos web na materia”**, (publicada no BOPG número 106, do 27 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A guía ‘Así, Así’ está dispoñible no seguinte enlace web:

http://politicasocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Guias/asi_asi_GAL.pdf para todos os galegos e galegas que a requieran.

Os recursos editados pola Xunta de cara ás familias como a guía do SERGAS ‘Cóidate, Cóidame’ están dispoñibles na web institucional da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:27:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16583

Data envío: 14/09/2017 15:24:16.421

Data 14/09/2017 15:24

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 8394**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da execución de obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, en Sanxenxo, o seu contorno natural, o muro de contención e as vivendas colindantes afectadas pola construción do Porto Deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 114, do 12 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia límtase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, sí que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto proponse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b069d1f2-d699-0183-36f8-234af633e9a1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:24:11



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8496**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da achega dalgún apoio económico e institucional ao Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017, así como os criterios que está a seguir para colaborar en eventos deste nivel.”**, (publicada no BOPG número 114 do 12 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, dentro do seu compromiso coa promoción turística de Galicia como motor de desenvolvemento económico e xerador de benestar social, mantén una colaboración fluída e constante coas diferentes administracións públicas e co propio sector. Non podería ser doutro xeito nun eido tan relevante para a economía e a imaxe de Galicia a nivel internacional. Esta cooperación dáse tamén, e dun xeito moi relevante, co Concello de Cambados, tal e como se pon de manifesto a través dos distintos convenios asinados no último ano para traballar por obxectivos comúns e de interese xeral. Isto é así sempre e en calquera circunstancia que se presente.

A distinción de Cambados como Capital Europea do Viño 2017 é, sen dúbida, unha boa noticia da que todos nos alegamos porque supón un recoñecemento aos viños das Rías Baixas, que teñen na Festa do Albariño deste concello pontevedrés a festa vitivinícola máis antiga de Galicia. Desde a Xunta vimos apoiando esta celebración ano a ano como vehículo de difusión dun dos emblemas da nosa cultura e, ao mesmo tempo, motivo de prestixio e de atracción de visitantes, que atopan neste recurso un forte valor engadido e que nos axudan a conservar as nosas tradicións.

De aí que neste 2017, desde a Xunta de Galicia volvéramos asinar un convenio co Concello de Cambados para apoiar a Festa do Viño Albariño, que goza da distinción de Interese Turístico Nacional e que ocupa un lugar moi relevante na nosa política turística. A través deste acordo, colaboramos na súa promoción, contribuíndo a súa consolidación e a consolidación de Cambados como destino enolóxico, unha oferta onde ocupa unha posición moi destacada, con proxección e notoriedade non só en Galicia, senón en numerosos países, e que desestacionaliza a nosa demanda.

Cambados forma parte, así mesmo, da Mancomunidade do Salnés, a cuxos fins contribúese desde a Xunta de Galicia a través doutros convenios paralelos, que se suman ao asinado co propio Concello. Precisamente un dos convenios en vigor este 2017 impulsa accións de promoción en mercados internacionais co obxectivo de potenciar o turismo na comarca e consolidar un destino máis competitivo. Unha das accións máis salientables desde convenio é, precisamente, a encamiñada a acadar a declaración da Festa do Albariño como Festa de Interese Turístico Internacional, coa repercusión que esta distinción xeraría. Para logralo, o acordo inclúe numerosas iniciativas como un press-trip, ademais da promoción en mercados internacionais. Así, pódense enumerar as presentacións levadas a cabo en Rusia, Kiel (Alemaña) ou Nápoles, ademais das accións de promoción en Reino Unido ou a presentación do destino para periodistas de mercados internacionais e touroperadores en Madrid.

Non é o único convenio impulsado desde o Goberno galego no que Cambados e os seus recursos enolóxicos teñen presenza. Aos anteriores débese engadir o acordo bianual co xeodestino que afonda na internacionalización da comarca, en accións de marketing, deseño de produtos turísticos, promoción e comercialización, entre outros fins que rodean á celebración de Cambados como Capital Europea do Viño.

Á vista do indicado, é máis que evidente o decidido apoio da Xunta a esta distinción, que fai de Cambados un referente do enoturismo, un dos produtos de cabeceira cos que Galicia preséntase nas numerosas feiras internacionais nas que participa ao longo de todo o ano e en calquera evento no que o albariño é o protagonista.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:05:44



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8693**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico existentes en Galicia na data de entrada en vigor do Decreto 12/2017, a opinión do Goberno galego en relación co impacto da súa redacción na regulación do mercado actual e as razóns para modificar o criterio no referido ao alugamento por habitacións, así como a súa posición no tocante ao requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Estado modificou en 2013 a Lei de Arrendamentos Urbanos, obrigando as CCAA a que exerzan a súa competencia exclusiva para a regulación de vivendas de alugueiro de uso turístico.

O cambio produciuse como consecuencia da irrupción das novas tecnoloxías no aluguer de vivendas vacacionais ou de temporada, agora denominadas Vivendas de Uso Turístico, poñendo a disposición de millóns de propietarios e consumidores un instrumento, a través de internet, para a venda, de uso sinxelo e alta eficiencia.

Así, o novo decreto é necesario debido á proliferación nos últimos tempos da tendencia de alugar ilegalmente por días ou semanas a vivenda habitual para uso turístico.

En definitiva, o obxectivo desta nova norma é erradicar as problemáticas vinculadas a esta práctica de aluguer de vivendas vacacionais ou de temporada.

Deste xeito, o Decreto de Vivendas de uso Turístico ofrecerá un marco e seguridade xurídica tanto aos particulares como a todo o sector turístico no marco deste novo tipo de aluguer.

No momento da súa entrada en vigor, o pasado 10 de maio, estaban rexistrados un total de 217 apartamentos turísticos e 214 vivendas turísticas.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

En canto ao aluguer por habitacións, sinalar que a Lei de Arrendamentos Urbanos especifica que as Comunidades Autónomas poderán regular sobre o uso turístico da totalidade dunha vivenda.

O decreto autonómico que regula as vivendas de uso turístico parte desta afirmación, excluindo do que se considera turístico, é dicir, o arrendamento dúas veces ou máis ao ano por períodos inferiores a 30 días, o aluguer por habitacións.

Esta posibilidade de aluguer por estancias ten o seu encadre na tipoloxía das pensións.

No que respecta ao requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), a Xunta de Galicia vén de dar unha resposta formal ao mesmo.

Nela xustifícanse pormenorizadamente cada unha das consideracións presentadas pola CNMC a quen solicita a desestimación deste requirimento.

O escrito recorda que este novo decreto non restrinxe a competencia entre empresas, senón que ordena unha actividade que comezou a proliferar nos últimos anos e que consiste en alugar por días ou semanas a vivenda residencial para fins turísticos.

Ademais, sinala que a Administración abordou a regulación desta actividade coa esixencia dun mínimo de requisitos que permitan prestar servizo ás persoas usuarias coa garantía de calidade e protección ao consumidor.

No escrito aclárase, tamén, que o aluguer de vivendas que non sexan consideradas de uso turístico segundo os criterios do decreto non está prohibido, senón que se trataría dunha actividade sometida á normativa que, segundo o caso, resulte aplicable (Lei de Arrendamentos Urbanos, Código Civil...). Polo tanto, estas non poderán publicitarse como servizo turístico para evitar confusión ás persoas usuarias e consumidoras.

Por outra parte, reflicte que o decreto non establece limitación ningunha, senón que se cingue a deixar a salvo as competencias municipais.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Así mesmo, tamén recorda que no decreto defínense as vivendas de uso turístico establecendo que debe cederse na súa totalidade a terceiras persoas. Polo tanto, esta cesión total é un requisito que debe cumprir unha vivenda para ser calificada como vivenda de uso turístico.

Ademais, aclárase, por un lado, que o exercicio da actividade artículase a través da presentación dunha declaración responsable, de acordo co establecido na Lei de Turismo de Galicia que habilita para o exercicio da actividade dende o momento da súa presentación. Por outro lado, en canto aos requisitos e servizos, as vivendas de uso turístico só se lles esixe un mínimo de requisitos a cumprir, que respostan aos principios de necesidade e de proporcionalidade e tamén se recorda que estes requisitos contidos no decreto galego son considerablemente inferiores aos recollidos noutros decretos autonómicos.

Finalmente, a resposta da Administración autonómica ante o requirimento da CNMC recorda que, coa intención de promover a unidade de criterio e excluír calquera dúbida na aplicación do decreto publicouse o pasado 10 de maio no DOG unha instrucción interpretativa na que se recollen unha serie de criterios de carácter obxectivo e xeral que deberán ser seguidos polo persoal empregado público. Unhas indicacións que tamén están recollidas na páxina web de Turismo de Galicia e no Portal de Transparencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:03:37



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/mv



En relación coa pregunta con resposta escrita número 8730, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso, sobre “os datos referidos ao servizo de axuda no fogar ás persoas con dependencia financiado pola Xunta de Galicia e prestado polo Concello de San Sadurniño”, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A 31.07.2017:


- a) O Concello de San Sadurniño ten asignadas 2.396 h/mes para a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.
- b) O Concello de San Sadurniño está a prestar de forma efectiva 1.638 h/mes a persoas en situación de dependencia.
- c) O Concello de San Sadurniño dispón de 758 h/mes dispoñibles para a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.
- d) Un total de 42 persoas está no programa de asignación do servizo de axuda no fogar por parte do Concello de San Sadurniño.
- e) O Concello de San Sadurniño está a atender a 41 persoas en situación de dependencia a través do servizo de axuda no fogar.

En función do grao de dependencia se establece un rango de horas:

Grao III: 46/70 h/mes

Grao II: 20/45 h/mes

Grao I: máximo 20 h/mes



A ratio de atención actual é do 74,39% (ratio de atención calculada en función do número de horas prestadas con relación ao número total de horas demandadas).

O Concello de San Sadurniño é o número 278 en canto á ratio de atención.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16371

Data envío: 13/09/2017 14:47:24.457

Data 13/09/2017 14:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 8764**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflictividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflictividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona”**, (publicada no BOPG número 116, do 19 de maio de 2017), eño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 20 de xaneiro a través da iniciativa 2909 e tamén en sesión plenaria do 27 de decembro, a través da iniciativa 2356, por parte da conselleira titular do departamento, onde explicou que a normativa sinala que cando nun mesmo plan de xestión se inclúan zonas de traballo a pé e desde embarcación que non están separadas para ambos colectivos, os tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra en caso de mal tempo.

Ademais existe un informe xurídico de 2005 sobre a posibilidade de acceso a nado de pedras próximas que conclúe que ‘o acceso ao percebe só pode realizarse a través das modalidades previstas na norma, a pé desde as rochas (percebeiros a pé) e desde embarcación (percebeiros a flote)’.

Por tanto, o cometido da Consellería do Mar é facer cumprir a lexislación e hai que aclarar que é falso que se impida faenar en Baiona e no resto de Galicia a quen cumpre coa normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:47:20



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8819**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“o contido da reunión mantida en febreiro de 2017 polo vicepresidente da Xunta de Galicia, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Pontevedra para tratar o financiamento do proxecto de estación intermodal para esa cidade, a data prevista polo Goberno galego para a súa posta en marcha e o descarte das opcións dun túnel ou dunha pasarela elevada, así como a partida orzamentaria consignada para o ano 2017 para ese fin”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“ O 2 de agosto de 2017 asinouse o Convenio Marco de Colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra.

Tras a sinatura deste convenio, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda publicou a licitación do contrato de servizo para a redacción do proxecto construtivo de adecuación para a intermodalidade do conxunto formado polas actuais terminais de autobús e ferroviaria.

Para a elaboración deste proxecto pátense do ‘Estudo de alternativas de mellora da intermodalidade entre o transporte de viaxieros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano na cidade de Pontevedra’, redactado en novembro de 2016.

Entre as alternativas estudadas seleccionouse a da conexión entre estacións cun percorrido a nivel que será desenvolvido no proxecto. Este incluírá tamén, entre outras actuacións, a reordenación da actual zona de aparcadoiro e a realización dun novo acceso á estación de autobuses desde Josefina Arruti.

Un dos obxectivos incluídos no convenio é o de promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, mediante a mellora da intermodalidade que poña á disposición dos usuarios a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:02:58



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8843**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a falta de adaptación ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e dos xeodestinos de Galicia do actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, as previsións do Goberno galego respecto da revisión á alza do importe máximo da axuda concedida por entidade e a actuación que vai levar a cabo en relación coa diferenza existente entre o crédito orzamentario existente e o importe da subvención reflectido na resolución do 11 de abril de 2017.”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén apostando nas últimas legislaturas polo impulso ás oficinas municipais de turismo dos municipios declarados de interese turístico e xeodestinos colaborando con eles na contratación de persoal a través dunha liña de subvencións.

Trátase dunha iniciativa impulsada por este Goberno que, nos anos que leva en marcha está a ter uns moi bos resultados. Porque deste xeito os concellos garanten o pleno rendemento das oficinas de turismo que son de competencia municipal, especialmente nos meses de maior afluencia turística cando, ao abeiro destas subvencións, poden ampliar persoal. Pero, ademais, o Goberno galego potencia no exterior a imaxe non só dos municipios de interese turístico e xeodestinos senón tamén da Comunidade autónoma no seu conxunto.

Estas axudas tramítanse baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de xeito que as solicitudes recibidas no prazo establecido sexan atendidas respectando a súa orde de incoación, sen que se produza comparación entre elas, e ata o esgotamento do crédito dispoñible. A elección deste procedemento vén motivada pola propia natureza das axudas xa que a súa concesión unicamente a determina o cumprimento por parte das entidades solicitantes dos requisitos establecidos na propia resolución.

As subvencións contan cun crédito total de 300.000€, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que podería dar lugar á concesión de



máis subvencións, de acordo coa orde de incoación dos expedientes. E para cada municipio ou xeodestino as actuacións subvencionables poderán acadar un máximo de axuda de 5.200€ por entidade beneficiaria. Trátase esta dunha cantidade que se optou por axustar desta maneira tendo en conta que o soldo medio dun informador turístico é de 1.733€, con Seguridade Social incluída, polo que é unha cantidade suficiente para que todos os municipios turísticos podan contar coa colaboración de Turismo de Galicia.

Na última convocatoria foron un total de 47 os destinos de Galicia os beneficiarios destas subvencións, o que supón 4 máis que na edición do ano pasado. Ademais, esta convocatoria presentaba como novidade a posibilidade de que, ademais dos concellos declarados municipios turísticos, puideran optar a estas axudas os 18 xeodestinos e subxeodestinos de Galicia.

Ao non esgotarse o importe máximo do crédito destinado a estas axudas, realizáronse distintas accións cos concellos, como por exemplo un convenio co concello de Monterrei para a realización de visitas guiadas e información turística na fortaleza de Monterrei ou o convenio coa mancomunidade de concellos do camiño francés para o desenvolvemento dun itinerario gastronómico e para outras actuacións de promoción turística.

Todos os concellos declarados foron beneficiados con esta subvención, e ademais hay que destacar os convenios que se firman con todos os xeodestinos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:24:01



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8894**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 3 de setembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar mencionar que nas datas sinaladas o departamento era a Consellería de Economía e Industria. A estrutura como Consellería de Economía, Emprego e Industria adoptouse mediante o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, publicado no DOG núm. 232 do día seguinte.

Aclarada esta circunstancia, indicar que a consulta das axendas do entón conselleiro de Economía e Industria e do Secretario Xeral Técnico dese departamento, en calidade de máximos representantes, permite informar da celebración das seguintes reunións co alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán, en datas próximas ás sinaladas: 23 de xaneiro de 2014; así como 20 de xaneiro e 7 de xullo de 2015. Tamén se celebrou unha xuntanza co tenente alcalde, Javier Tourís, o 28 de abril de 2015. Os temas centráronse no interese do concello en desenvolver iniciativas orientadas á dinamización económica, industrial e comercial desta localidade.

Por último, reiterar que en Santiago están todas as unidades administrativas dos servizos centrais da Consellería, cos seus respectivos equipos directivos e de recursos humanos, e que non existe unha axenda informatizada para cada un deles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:23:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8895**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 8 de xullo de 2015 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar mencionar que nas datas sinaladas o departamento era a Consellería de Economía e Industria. A estrutura como Consellería de Economía, Emprego e Industria adoptouse mediante o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, publicado no DOG núm. 232 do día seguinte.

Aclarada esta circunstancia, indicar que a consulta das axendas do entón conselleiro de Economía e Industria e do Secretario Xeral Técnico dese departamento, en calidade de máximos representantes, permite informar da celebración das seguintes reunións co alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán, en datas próximas ás sinaladas: 23 de xaneiro de 2014; así como 20 de xaneiro e 7 de xullo de 2015. Tamén se celebrou unha xuntanza co tenente alcalde, Javier Tourís, o 28 de abril de 2015. Os temas centráronse no interese do concello en desenvolver iniciativas orientadas á dinamización económica, industrial e comercial desta localidade.

Por último, reiterar que en Santiago están todas as unidades administrativas dos servizos centrais da Consellería, cos seus respectivos equipos directivos e de recursos humanos, e que non existe unha axenda informatizada para cada un deles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:23:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8897**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 10 de novembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar mencionar que nas datas sinaladas o departamento era a Consellería de Economía e Industria. A estrutura como Consellería de Economía, Emprego e Industria adoptouse mediante o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, publicado no DOG núm. 232 do día seguinte.

Aclarada esta circunstancia, indicar que a consulta das axendas do entón conselleiro de Economía e Industria e do Secretario Xeral Técnico dese departamento, en calidade de máximos representantes, permite informar da celebración das seguintes reunións co alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán, en datas próximas ás sinaladas: 23 de xaneiro de 2014; así como 20 de xaneiro e 7 de xullo de 2015. Tamén se celebrou unha xuntanza co tenente alcalde, Javier Tourís, o 28 de abril de 2015. Os temas centráronse no interese do concello en desenvolver iniciativas orientadas á dinamización económica, industrial e comercial desta localidade.

Por último, reiterar que en Santiago están todas as unidades administrativas dos servizos centrais da Consellería, cos seus respectivos equipos directivos e de recursos humanos, e que non existe unha axenda informatizada para cada un deles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:23:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8898**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización dunha xuntanza na Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Santiago de Compostela o día 17 de novembro de 2014 e, se é o caso, as persoas asistentes, os temas tratados e as conclusións e acordos acadados”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar mencionar que nas datas sinaladas o departamento era a Consellería de Economía e Industria. A estrutura como Consellería de Economía, Emprego e Industria adoptouse mediante o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, publicado no DOG núm. 232 do día seguinte.

Aclarada esta circunstancia, indicar que a consulta das axendas do entón conselleiro de Economía e Industria e do Secretario Xeral Técnico dese departamento, en calidade de máximos representantes, permite informar da celebración das seguintes reunións co alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán, en datas próximas ás sinaladas: 23 de xaneiro de 2014; así como 20 de xaneiro e 7 de xullo de 2015. Tamén se celebrou unha xuntanza co tenente alcalde, Javier Tourís, o 28 de abril de 2015. Os temas centráronse no interese do concello en desenvolver iniciativas orientadas á dinamización económica, industrial e comercial desta localidade.

Por último, reiterar que en Santiago están todas as unidades administrativas dos servizos centrais da Consellería, cos seus respectivos equipos directivos e de recursos humanos, e que non existe unha axenda informatizada para cada un deles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:23:04

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727